



FESTIVAL INTERNACIONAL DE TITERES DE REDONDELA

do 14 ao 20 de maio de 2012

memorial Juanjo Ancoedo

13

PROGRAMACIÓN ESCOLAR

- LUNS 14 maio**
10.30h. e 12.30h. Chapela "O Galo Quirico e os seus amigos" SEISDEDOS (Galiza).
- MARTES 15 maio**.....
10.30h. e 12.30h. Redondela "Fíos" BAOBAB (Galiza).
- MÉRCORES 16 maio**.....
10.30h. e 12.30h. Redondela "Titirircus" TANXARINA (Galiza).
- VENRES 18 maio**.....
10.30h. e 12.30h. Redondela "Los Siete Cabritillos" LOS CLAVELES (Murcia).

PROGRAMACIÓN DE SALA

MÉRCORES 16 maio

21.00h. e 23.00h. Multiusos da Xunqueira. +6 anos.
"El intrépido viaje de un hombre y un pez" ONÉRICA MECÁNICA (Murcia).

XOVES 17 maio

17.00h. e 21.00h. Multiusos da Xunqueira. +5 anos.
"Trogoditas" TANXARINA (Galiza).

VENRES 18 maio

21.00h. e 23.00h. Multiusos da Xunqueira. +6 anos.
"Prometeu" TEATRO DE FORMAS ANIMADAS & ESTALEIRO (Portugal).

SÁBADO 19 maio

17.00h. Multiusos da Xunqueira. Familiar.
"Pinocho y Medio" EL RETABLO TEATRO DE TÍTERES (Madrid).

21.00h. Multiusos da Xunqueira. +16 anos.
"Carmen" BAMBALINA TEATRE PRACTICABLE (Valencia).

DOMINGO 20 maio

17.00h. e 21.00h. Multiusos da Xunqueira. +9 anos.
"The House" SOFIE KROG TEATER (Dinamarca).

Prezos: Nen@s 3 € - Adult@s 5 € Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Sábado e Domingo ás 16,00h.) Aforo limitado.

PROGRAMACIÓN DE RÚA

XÓVES 17 maio día das Letras Galegas

- 12.00h. Xardíns da Alameda. "Gaiterada"
- 13.00h. Xardíns da Alameda. "O Galo Quirico e os seus amigos" SEISDEDOS (Galiza).
- 17.00h. Praza do Concello. "A rúa das Pantasmas" CASCANUECES (Galiza).
Pista da Xunqueira. Obradoiro infantil "Fai un monicreque" ASOCIACIÓN XOEIRA.
Paseo da Xunqueira-Xardíns da Alameda. CHARANGA NBA (Galiza).
- 17.30h. Xardíns da Alameda. Acto institucional Día das Letras Galegas.
- 18.00h. Xardíns da Alameda-Paseo da Xunqueira. CHARANGA NBA (Galiza).
Casa da Torre-Xardíns da Alameda. "Os cómicos dell'auto" TEATRO DE NINGURES (Galiza).
- 19.30h. Xardíns da Alameda. "O Galo Quirico e os seus amigos" SEISDEDOS (Galiza).
- 20.00h. Praza do Concello. "A rúa das Pantasmas" CASCANUECES (Galiza).
- 20.30h. Xardíns da Alameda-Paseo da Xunqueira. CHARANGA NBA (Galiza).

SÁBADO 19 maio

- 13.00h. Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido).
- 17.00h. Xardíns da Alameda-Alfonso XII "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido).
- 17.30h. Praza Reveriano Soutullo. "A Rúa das pantasmas" CASCANUECES (Galiza).
Xardíns da Alameda-Alfonso XII CENCERRO NEJRO (Galiza).
- 18.00h. (ata as 21.00h). Pista da Xunqueira. "El Laberint" ITINERÀNIA (Cataluña).
Praza da Torre-Alfonso XII. "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido).
- 19.00h. Xardíns da Alameda. "Caperucita Roja" LOS CLAVELES (Murcia).
Praza da Constitución - Alfonso XII CENCERRO NEJRO (Galiza).
- 20.00h. Praza Reveriano Soutullo. "A Rúa das Pantasmas" CASCANUECES (Galiza).
Paseo da Xunqueira-Alfonso XII "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido).
- 20.30h. Casa da Torre. "Fantasías Folclóricas" TEATRO ESTATAL DE MARIONETAS DE VARNA (Bulgaria).
- 21.30h. Praza da Torre-Paseo da Xunqueira. CENCERRO NEJRO (Galiza).
- 22.00h. Paseo de Xunqueira: "Granujas a Todo Ritmo." BIRLOQUE (Cantabria).
- 23.30h. Andén 24. (Entrada de balde) "O progreso imparabile da estupidez" TITEREFICCIÓS (Galiza).

DOMINGO 20 maio

- 12.00h. (ata as 14.00h) Pista da Xunqueira. "El Laberint" ITINERÀNIA (Cataluña).
- 13.00h. Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido).
- 13.30h Xardíns da Alameda. "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
- 17.00h Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido).
Praza da Torre-Rúa Alfonso XII. CHARANGA MEKÁNICA (Galiza).
- 17.30h. Casa da Torre. "Fantasías folclóricas" TEATRO ESTATAL DE MARIONETAS DE VARNA (Bulgaria).
Alfonso XII-Ribeira. "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
- 18.00h. (ata as 21.00 h.) Pista da Xunqueira. "El Laberint" ITINERÀNIA (Cataluña).
Xardíns da Alameda. "Caperucita Roja" LOS CLAVELES (Murcia).
Alfonso XII-Praza da Torre CHARANGA MEKÁNICA (Galiza).
Praza da Torre-Xardíns Alameda. "Os cómicos dell'auto" TEATRO DE NINGURES (Galiza).
- 19.00h. Rúa Alfonso XII-Ribeira "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
- 19.30h. Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido)
Paseo da Xunqueira CHARANGA MEKÁNICA (Galiza).
- 20.00h. Xardíns da Alameda. "Caperucita Roja" LOS CLAVELES (Murcia)
Casa da Torre. "Fantasías folclóricas" TEATRO ESTATAL DE MARIONETAS DE VARNA (Bulgaria).
Rúa Alfonso XII "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).
Praza do Concello. "Punch & Judy" ROD BURNETT (Reino Unido)
- 21.30h. Meixón Frio. Concerto acústico de PI GRAOS (Galiza).
Entrega de Premios do Concurso de Titeres A Tenda de Candelaria.
Información en <http://concursoftiteresredondela.blogspot.com.es>
- 22.00h. Paseo da Xunqueira. "Granujas a Todo Ritmo" BIRLOQUE (Cantabria).

EXPOSICIÓN "Os Monicreques da escola"

no Multiusos da Xunqueira e varias rúas de Redondela,
as nenas e nenos da comarca expoñen os seus Titeres.

www.festivaltiteresredondela.com



SEISDEDOS (Galiza)

En 1982 Anxo García, Pilar Álvarez e Xulio Balado forman a compañía Viravolta Títeres. Dentro de Viravolta, xurdiu outra compañía, SEISDEDOS, especializada en espectáculos de pequeno formato, adaptados a calquera espazo escénico.

"O galo Quirico e os seus amigos" (Papel e varias técnicas)

Xunto con algúns números de marionetas tradicionais no que os espectadores participan cantando e danzando, preséntase o conto "O Galo Quirico" seguindo a versión publicada por Bernardino Graña.

Unha posta en escena con marionetas e teatriño de cartón e con música en directo interpretada polo acordeonista Carlos Quintá.



Luns 14 ás 10.30 e 12.30h. Multiusos de Chapela (escolares)

Xoves 17 ás 13.00 e 19.30h. Xardíns da Alameda

BAOBAB (Galiza)

Baobab teatro é unha compañía especializada en teatro infantil. Os seus compoñentes, cunha dilatada traxectoria nas súas costas, son Andrea Bayer e Óscar Ferreira.

Crean espectáculos de máxima calidade, coidando tanto os seus contidos coma a súa estética, apostando por espectáculos feitos para emocionar, cargados dunha forte poética e sinxeleza.



"Fíos" (actriz e varias técnicas)

Fíos é un espectáculo para soñar e non esquecer, porque din que as historias perduran cando as gardamos na nosa memoria, e de vez en cando as lembramos para contarllelas aos nosos seres queridos.

Martes 15 ás 10.30 e 12.30h. Multiusos da Xunqueira (Escolares)

TANXARINA (Galiza)

TANXARINA TÍTERES foi fundada no ano 1983 por varios ex-alumnos de Harry Tozer, profesor de construción e manipulación de marionetas de fío do Institut del Teatre de Barcelona, e tamén por outros profesionais galegos do teatro infantil e xuvenil. Desde entón converteuse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de monicreques galego, tanto dentro como fóra de Galicia.

Actualmente está formada por Miguel Borines , Andrés Giráldez e "Tatán".

"Titiricircus" (actores e monicreques de fíos)

Unha lembranza fantástica e festiva do grande circo de carpa alta e bicolor.

A historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora, con marionetas de fíos, as glorias do seu pasado na pista.

Mércores 16 ás 10.30 e 12.30 h. Multiusos da Xunqueira (escolares)

"Trogloditas" (actores e monicreques)

Tres trogloditas convidánnos a entrar no primeiro teatro da prehistoria, a cova, onde imos asistir a un cómico espectáculo cheo de humor e tolería.


Da man dos monicreques e das súas primitivas habilidades imos coñecer a singular forma de vida dos nosos antepasados máis divertidos.

Xoves 17 ás 17.00 e 21.00h. Multiusos da Xunqueira (+5 anos)



LOS CLAVELES (Murcia)

No ano 1982, Paca García e Aniceto Roca toman como referencia da creación, o campo dos títeres, punto de partida para unha gran traxectoria a nivel nacional e internacional.



"Los siete cabritillos" (Varias técnicas)

Teatro Los Claveles conta aos máis pequenos a historia dun bosque onde vivía unha mamá Cabra cos seus sete Cabritos.

A narración clásica non perde sentido, os perigos asexan e o medo innato no ser humano cobra vida na figura do Lobo.

Venres 18 ás 10.30 e 12.30h. Multiusos da Xunqueira
(Escolares)

"Caperucita roja" (Varias técnicas)

Teatro Los Claveles asume o reto de contar o conto por excelencia: Carapuchiña Vermella, e para este fin pecha os personaxes clásicos nunha gran caixa de música, cuxos manipuladores fan soar con tenrura. O Lobo, sempre fiel á súa natureza, intentará levar a cabo o seu coñecido plan, encontrándose con máis obstáculos que de costume. Carapuchiña e a súa avoa serán as causantes da súa desgraza.

Sábado 19 ás 19,00h. Xardíns da Alameda

Domingo 20 ás 18,00 e 20,00h. Xardíns da Alameda



ONÍRICA MECÁNICA (Murcia)

Onírica Mecánica é unha compañía creada por Jesús Nieto en 2006 para continuar procesos de investigación sobre o obxecto e a percepción que xa comezara a traballar en compañías anteriores como **Teatro en el Aire** ou **Teatro de los sentidos**.

"El Intrépido viaje de un hombre y un pez" (Actor e varias técnicas)

Recupera a figura dos antigos contadores ambulantes que percorrían as vilas contando historias fantásticas, por lugares remotos do mundo. Que cada noite invitan a soñar a cada unha das persoas que escoitan os seus contos, desde o encontro co outro, desde a mirada limpa, sen artificios.

No universo dos seus contos todo é posible, imprevisible, sorprendente, risible e ás veces un pouco morriño: homes con vintecatro dedos, corazóns que camiñan, portas secretas que esconden misterios con olor a allo . . .

Mención especial do xurado en FETÉN 2009 (gijón).

Premio á mellor escenografía na XX Fira de Titelles de Lleida 2009.

Mención do xurado internacional na XX Fira de Titelles de Lleida 2009.

Mércores 16 ás 21.00 e 23.00h. Multiusos da Xunqueira (+6 anos)

Capacidade limitada a 120 espectadores.



TEATRO DE FORMAS ANIMADAS & ESTALEIRO (Portugal)

Para Marcelo Lafontana, responsable da obra e fundador do Teatro de Formas Animadas de Vila do Conde, o Teatro de Formas constitúe un xoguete do tempo, un tempo no que xogar era unha actividade moi seria.

"Prometeu" (Sombras e varias técnicas)

Produción baseada no estudo da estrutura tradicional do teatro de sombras xavanés "Wayang Purwa" e na súa transposición para o universo de signos e referencias occidentais.

Este relato, repleto de deuses, intrigas, heroes e batallas, representa a vontade humana do saber, discutindo a hexemonía dos deuses.

Venres 18 ás 21.00 e 23.00h. Multiusos da Xunqueira (+6 anos)



EL RETABLO (Madrid)

El Retablo é unha das compañías de monicreques da Comunidade de Madrid con maior proxección internacional. Recibiu numerosos premios e realizou xiras por Estados Unidos, Brasil, Ecuador, Argentina, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido, Irlanda, Holanda, Croacia, Romanía, Hong Kong, Macau, Corea do Sur, Singapur, Israel, India...

"Pinocho y Medio" aventuras dunha marioneta (actores e monicreques)

Gepeto vivía nunha xoguetería chea de xoguetes e monecos. Entre estes xoguetes había unha marioneta moi especial chamada Pinocho. Gepeto quería e coidábalo coma se fose o seu fillo. As aventuras de Pinocho comezaron un día por unha pequena parvada e un gran malentendido. Premio "Drac d'or á mellor dramaturxia" XXII Fira de Teatre de Titelles de Lleida (2011)

Sábado 19 ás 17.00h. Multiusos da Xunqueira (Familiar)



BAMBALINA (Valencia)

Bambalina sempre destacou pola vocación interdisciplinaria dos seus espectáculos e por usar unha linguaxe teatral en sintonía coas dramaturxias máis contemporáneas, destacando pola capacidade comunicativa das imaxes e a marioneta.

Na súa longa traxectoria, a compañía puxo en escena algúns títulos emblemáticos do repertorio literario e musical universal como Quijote, Ulises, Cyrano de Bergerac, Alícia, El Retablo de Maese Pedro ou Carmen.

"Carmen" (actores, bunraku e varias técnicas)

Bambalina presenta unha nova proposta teatral revisitando un dos mitos universais máis coñecidos: Carmen, a historia que Mérimée creou no século XIX e que Bizet inmortalizou na súa ópera, e que conecta co teatro máis visual da compañía.

Sábado 19 ás 21.00 h. Multiusos da Xunqueira (+16 anos)



CASCANUECES (Galiza)

Créase dentro do Teatro Nacional de Guiñol de Cuba no 1995, dedicando case toda a súa produción ao traballo escénico unipersonal con monicreques. Dende 1997 ten a súa sede en Santiago de Compostela. Contan con máis de 15 pezas e unha expo-espectáculo chamada "Viaxar con Títeres".



"A rúa das pantasma" (Marionetas de luva)

Nesta aventura Xoanciño e María enfróntanse ás Pantasma, aparicións, e ao mesmísimo Demo. Ocorre que a casa de María está sendo visitada por estas tenebrosas figuras e só co enxeño de María, unido ás picardías de Xoanciño, lograrán vencelas e desmascaralas.

Xoves 17 ás 17,00 e 20,00h. Praza do Concello

Sábado 19 ás 17,30 e 20,00h. Praza Reveriano Soutullo

TEATRO DE NINGURES (Galiza)

Despois de 25 anos de actividade teatral profesional, reúnen unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego.

"Os cómicos dell'auto" (Teatro de Rúa)

OS CÓMICOS DELL'AUTO é un espectáculo ambulante de rúa que se desenvolve arredor dun vello autobús. No medio deste percorrido, vai facendo paradas nas prazas ou espazos públicos máis propicios e axeitados para que o público se concentre arredor del. Durante estas paradas, os cómicos baixan do autobús para interactuar cos espectadores e integralos na representación de pequenas pezas.



Xoves 17 ás 18.00h. dende a Casa da Torre ata os Xardíns da Alameda

Domingo 20 ás 18.00h. dende a Casa da Torre ata os Xardíns da Alameda

ROD BURNETT (Reino Unido)

Rod Burnett é recoñecido como un dos mestres do Punch & Judy, e o máis xenuíno representante do teatro tradicional de monicreques de luva do Reino Unido. Rod Burnett é, ademais, un magnífico titiriteiro na manipulación e o uso da lingüeta.

"Punch & Judy" (Marionetas de luva)

Punch & Judy é un espectáculo anárquico, entrañable e, sobre todo, moi divertido, cheo de cómica crueldade e retranca. Unha parodia das nosas propias contradicións e fraquezas, que arranca do máis fondo do noso ser un sorriso.



Sábado 19 ás 13,00 /17,00 /18,00 e 20,00h. Praza do Concello
Domingo 20 ás 13,00/ 17,00 /19,30 e 20,00h. Praza do Concello

BIRLOQUE (Cantabria)

Colectivo formado a finais de 2009 por unha man de músicos pillabáns, dispostos a facer bailar a todo o mundo ao compás do Rhythm n´ Blues. Está composto por Jaime Cutrin (Saxo), Raúl Silvestre (trombón), Benjamín (trompeta), César Peña (tuba), Dani Peña (bombo) e Julián Fernández (caixa).

"Granujas a todo ritmo" (Teatro de Rúa)

Van acompañados por Jack e Elwood en formato de monicreques xigantes. Granujas a todo Ritmo é un pasarrúas musical que entronca coa tradición popular de xigantes e cabezudos, pero cun novo aire máis moderno e teatral.

Sábado 19 ás 17,00h. Xardíns da alameda-Alfonso XII
18,00h. Praza da torre-Alfonso XII
20,00h. Paseo da Xunqueira- Alfonso XII
22,00h Paseo da Xunqueira
Domingo 20 ás 13,30 Xardíns da alameda
17,30 Alfonso XII-Ribeira
19,00 Alfonso XII- Ribeira
20,00 Alfonso XII
22,00 Paseo da Xunqueira



TEATRO ESTATAL DE MARIONETAS DE VARNA (Bulgaria)

Cunha longa traxectoria nas súas costas chega o noso Festival a afamada compañía TEATRO ESTATAL DE MARIONETAS DE VARVA, dependente do Misnisterio de Cultura Bulgaro.

Os seus espéctáculos están centrados no manexo do corpo a través dunha técnica perfecta que lles abriu as portas dunha intensa actividade internacional.

"Fantasías Folclóricas" (Corporal e outras técnicas)

Síntese do teatro de monicreques. Espéctáculo sen palabras. Música, movemento, obxectos-monicleque, danza, luz e sombra, ao servizo dunha evocación folclórica. O espectáculo é o resultado de moitas sesións de improvisación, inspiradas no folclore búlgaro e baseadas na utilización dalgúns utensilios tradicionais de uso doméstico.

Sábado 19, ás 20,30h. Casa da Torre

Domingo 20 ás 17,30 e 20,00h. Casa da Torre



TITEREFICCIÓS (Galiza)

Titereficciós nace a finais do 2009. Roberto C. Mouriño, despois de experimentar na confección e manipulación de monicreques, crea a compañía coas premisas de interacción co público, a música en directo e a orixinalidade na construción de títeres con materiais alternativos.

"O progreso imparable da estupidez"

Un músico de rúa, inalterable no tempo, coincide nos episodios vitais dos protagonistas. Humor, hedonismo, sexualidade e conflitos de identidade acompañan as diferentes escenas que conforman esta historia nun proceso de adaptación social unhas veces estúpido, outras veces morboso.

Sabado 19 ás 23.30h. Andén 24 (Entrada de balde)



ITINERÀNIA (Cataluña)

Compañía Itinerània naceu en 2006 ao abeiro da Fira de la Pesseta de Tona (Barcelona), con El Laberint como primeira montaxe, que foi medrando de tamaño e contido ao longo dos moitos eventos nos que foi programado dende aquela.

"El Laberint" (Espazo Lúdico)

Reivindicando a rúa como lugar de encontro, Itinerània practica a intervención efémera e festiva do espazo público, con estruturas e aparellos de mecánica básica á vista, destacando o traballo en ferro como base da súa creación.



Sábado 19 de 18,00 a 21,00h. Pista da Xunqueira

Domingo 20 de 12,00 a 14,00h. e de 18,00 a 21,00h. Pista da Xunqueira

ASOCIACIÓN XOEIRA

A Asociación para o Desenvolvemento Sociocomunitario Xoeira nace no ano 2006 co obxectivo de levar actividades encamiñadas á dinamización social e cultural da comunidade. Un dos principais obxectivos do noso colectivo é a colaboración con outras asociacións a través de actividades orientadas ó fomento da igualdade, a creatividade e o traballo comunitario.



"Fai un monicreque" (Obradoiro infantil)

Nesta edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela levaremos a cabo un obradoiro de creación de títeres para nenos/as e mozos/as de entre 4 e 14 anos, onde pretendemos xerar un espazo de interacción social, de creatividade e de posta en valor do títere como forma de expresión persoal e artística.


Xoves 17 de 17,00 a 20,00h. Pista da Xunqueira

EXPOSICIÓ "Os monicreques da escola"

Seguindo a filosofía do seu creador, Juanjo Amoedo, o FESTIVAL continúa na liña de involucrar na súa celebración a maior cantidade posible de institucións, de sectores sociais e de xentes da vila, para manter este acontecemento como a maior manifestación cultural de Redondela.

Fundir o Festival Internacional de Títeres co Día das Letras Galegas é toda unha homenaxe festiva ás nosas letras e ao teatro , así acolleremos a exposición "Os Monicreques da Escola", onde os nenos e as nenas da comarca van construír e expor as súas propias marionetas.

Multiusos, Paseo da Xunqueira e rúas de Redondela.



CHARANGA NBA (Galiza)

A Charanga NBA son moito máis ca un conxunto de músicos, son máis ben unha máquina do tempo que te transporta coa súa enerxía, facendo mover nesa viaxe todo o corpo.

As súas percusións e metais están ao servizo dun repertorio festivo, e alegre, facendo as delicias de todos.



CENCERRO NEJRO (Galiza)

Unha asociación de percusionista con moitas ganas de traballar por e para a percusión. Con ganas de ensinar e aprender pero co obxectivo claro de fomentar a cultura tradicional enfocada á percusión galega e, en definitiva, un grupo de xente aos que lles gusta a música.

Cencerro Nejro quere achegar a percusión á cidadanía, para enriquecer con novos ritmos e sobre todo para facer da música percutida unha festa sen fin.

CHARANGA MEKÁNICA (Galiza)

No ano 2003, varios músicos das proximidades de Negreira, reuníronse para interpretar xéneros musicais máis acordes cos seus propios gustos, co simple propósito de divertirse.

Estes mozos tiñan claro o tipo de charanga que querían chegar a ser, e destacaba entre os seus primeiros propósitos, reunir fondos para investir na construción dunha batería móbil, debido a que o repertorio necesitaba dunha base rítmica de maior calibre.

PI GRAOS (Galiza)



Pi graos nace con dous obxectivos: compoñer a súa propia música e gozar no intento. Aínda que o seu estilo se podería encaixar no jazz-rock progresivo, o seu rumbo está desviado aproximadamente “pi graos” ao oeste, xa que buscan a orixinalidade na estrutura dos seus temas e espremer ao máximo a súa instrumentación.